

## 25 anos de supercomputación en Galicia

**A** finais dos anos 80 un grupo de científicos procedentes das universidades e de organismos públicos de investigación manifestaron a oportunidade de contar na nosa Comunidade cun centro de computación e servizos baseados en tecnoloxías avanzadas para atender as esixencias da investigación que se estaba a desenvolver en Galicia. A Xunta fíxose eco desta demanda e promoveu o decreto de creación do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). Un ano máis tarde, o 10 de maio de 1993, inaugurábase o Centro, que agora cumpre 25 anos.

Entre os principais fitos acadados neste cuarto de século de historia, gustárame destacar o seu recoñecemento como Infraestrutura Científico – Técnica Singular Española (ICTS) no ano 2008 polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, así como a súa aparición nunha decena de ocasións entre os 500 supercomputadores máis potentes do mundo.

A nosa misión é contribuír ao avance da ciencia e da tecnoloxía en beneficio da sociedade. Por este motivo, desde a súa creación o CESGA desenvolve e xestiona a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, unha infraestrutura de comunicacións avanzadas para Galicia que interconecta a práctica totalidade dos axentes no sistema de I+D+i en Galicia e que permitiu situar a comunidade investigadora galega á vangarda tecnolóxica. De feito, no 1995 o CESGA despregou a primeira rede ATM de banda larga sobre radio enlaces do mundo e, máis adiante, Galicia sería a primeira comunidade española en conectarse cunha velocidade de 2.5 Xigabits por segundo.

**PATRICIA ARGEREY**, directora da Axencia Galega de Innovación, festexa con nós a histórica andaina do CESGA



Hoxe, en coordinación coa RedIRIS, a rede española que proporciona servizos avanzados de comunicacións á comunidade científica e universitaria, o CESGA xestiona as súas propias liñas de fibra escura e proporciona conexións internacionais vía Portugal. Así mesmo, desde 2007 o CESGA acolle o supercomputador Finis Terrae, un referente internacional en canto a cálculo científico e técnico en supercomputación de memoria compartida.

Para dar unha idea do que ofrece o Centro, tan só no 2017 máis de 135 proxectos de I+D+i se beneficiaron dos servi-

zos avanzados en cómputo, almacenamento e comunicación ofrecidos polo CESGA. Ademais, nos últimos anos, o Centro vén traballando cunha media de 70 empresas, centros tecnolóxicos privados e asociacións empresariais ao ano. Unha mostra destes proxectos son o proxecto europeo Copernicus para o control do medio mariño na fachada atlántica, en colaboración con Portos do Estado, AEMET, Meteo France e o Marine Institute de Irlanda ou Fortissimo, para implantar en pemes servizos baseados en HPC-Cloud.

Ademais da súa participación en máis de 200 proxectos de I+D+i en diferentes disciplinas ao longo deste cuarto de século, o CESGA é hoxe un dos principais nodos da Rede Española de Supercomputación (RES), que interconecta os principais supercomputadores españois co fin de ofrecer recursos de computación á comunidade científica, e participa activamente en e-infraestruturas transnacionais impulsadas pola Comisión Europea como GEANT, a rede pan-europea que conecta as redes nacionais de investigación i educación; EGI, a maior infraestrutura de cómputo distribuído do mundo; ou PRACE, asociación sen ánimo de lucro para o avance da computación en Europa.

De cara ao futuro, e atendendo ao recollido no seu plan estratéxico, o CESGA continuará apostando pola excelencia nos servizos que ofrece ao sistema de I+D+i, pola internacionalización da súa actividade e por incrementar a transferencia das súas investigacións ao tecido produtivo, especialmente ás pemes. E, nesa carreira de fondo, desde a Xunta de Galicia camiñaremos sempre ao lado, man a man co CSIC, para seguir apoiando unha infraestrutura que xa é imprescindible para o sistema galego de innovación. ■